

COMPETENCIAS DE ORIENTACIÓN VOCACIONAL NO CONTEXTO DA MULTICULTURALIDADE¹

*María Amélia Pimenta**

*Sara Trindade**

*Cristina Santiago***

*Joaquim Luís Coimbra****

**Licenciadas en Psicoloxía. Investigadoras da
Facultade de Psicoloxía e de Ciencias da
Educación da Universidade do Porto.*

***Licenciada en Servicio Social. Coordinadora
do Proxecto "A.I.M.E.D.", em Portugal,
Porto.*

****Profesor Asociado da Facultade de Psicoloxía e de Ciencias da Educación da Universidade do Porto. Membro do Instituto de Consulta Psicolóxica, Formación e Desenvolvemento.*

RESUMO

A actual libre circulación de persoas, capitais e bens da Unión Europea ten facilitado-lo encontro/choque entre persoas de moitas culturas tomando cada vez mais necesaria a comprensión de novas formas de organización económica, social e cultural. En similitude, urxe a necesidade de avaliar en que medida os varios servicios públicos e, especificamente, os Servicios de Orientación Vocacional están preparados para traballar com populacións de diferentes culturas. Neste sentido, o obxectivo central desta comunicación consiste na presentación dunha revisión crítica da literatura relacionada coa adecuación da intervención da Orientación Vocacional no dominio da multiculturalidade, en función das necesidades diferenciadas dos clientes.

Desta forma, interesanos: (a) avalia-las percepcións, expectativas, representacións e motivacións dos profesionais de Orientación Vocacional e dos directores de servicios relativo a persoas doutras culturas (entendidas como persoas de diferentes etnias e de diferentes contextos socio-económicos e culturais); (b) avalia-lo grau de adecuación (potencialidades, lacunas e necesidades) das intervencións dos servicios de Orientación Vocacional, relativos á diversidade cultural dos seus clientes - quer do punto de vista dos profesionais quer dos utilizadores dos servicios-; © identificar un conxunto de competencias multiculturais que os profesionais desta área deberán desenvolver para mellor intervir xunto de persoas de diferentes orixes socio-económicas, culturais e étnicas.

EQUIPO TÉCNICO

Retroproyector.

Notas:

¹Proxecto AIMED, "Anticipation Inquiry for Multicultural Education Development" desenvolvido en parceria pela Obra da Nosa Señora da Boa Viaxe e pelo Instituto de Consulta Psicolóxica, Formación e Desenvolvemento da Facultade de Psicoloxía e Ciencias da Educación da Universidade do Porto, financiado pelo Programa Leonardo da Vinci.